

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CURSO ACADÉMICO 2020/2021

CEIP CIDADE VELLA

1.XUSTIFICACIÓN

A programación didáctica que desenvolvemos a continuación corresponde ao terceiro nivel de concreción curricular e a súa finalidade será adaptar o currículo concretado para as áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, ciencias sociais, ciencias da natureza e educación artística (plástica) no curso académico 2020/2021 ao contexto do grupo de alumnos/as de 2º de educación primaria.

Esta programación terá un carácter aberto e flexible, de xeito que nos permita introducir os cambios e as modificacións que se consideren oportunas. Ditas modificacións terán por obxecto responder a un dos principios fundamentais da ensinanza, a atención á diversidade, definida no Decreto 229/2011, do 7 de decembro como “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

E baseándonos nestas premisas establecemos que:

- Nas primeiras semanas do primeiro trimestre, alongando o período que cada novo curso de Ed. Primaria se adica á avaliación inicial do alumnado e que ten como finalidade repasar e asentar ós coñecementos máis significativos do curso anterior, traballaremos especialmente os Contidos Imprescindibles do 3º trimestre, contidos que tamén serán abordados ó longo das diferentes unidades do trimestre dun xeito integral, non sumativo, con actividades variadas e motivadoras.

A continuación, a relación de contidos, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles incluídas e integradas este curso na programación de aula de 2º E.P.:

CONTIDOS IMPRESCIDIBLES 1º PRIMARIA (Terceiro trimestre)

1) C. da Natureza

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

B3.2. Identificación das características e dos comportamentos das plantas para adaptarse ao seu medio

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.

B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.

B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.

2) C. Sociais

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

B2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables.

B2.3.O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital, ..

B2.4.Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

B4.2.Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.

3) Matemáticas

BLOQUE 2. NÚMEROS

B2.2. Nome e grafía dos números do ata o 99* (*do 70 ao 99)

B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.

B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado

B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.

B2.11. Cálculo de sumas e restas // (**sumas levando, sumas de tres números e sumas de sumandos iguais)

B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.

BLOQUE 3. MEDIDA

B3.2. Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares

B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.

B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.

B3.5. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.

4) Lingua Castelá e Literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

B1.9. Dramatizacións de textos infantís

B1.10 Producción de textos orais breves e sinxelos próximos aos seus gustos e intereses.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

B2.3. Comprensión de textos de diversa tipoloxía adecuados á súa idade.

B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura.

B3.4 Producción de textos segundo Plan de escritura.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

B4.3. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación //(*m antes de p-b, ...)

B4.4. Recoñecemento e observ. reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.4. Recreación e composición de textos literarios: contos, poemas, adiviñas.

5) Lingua galega e Literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas...).

B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

Programación didáctica de aula de Lingua. 2.º de Educación Primaria

B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.

B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.// (m antes de p e b, ...)

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1) C. da Natureza

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais plantas do seu contorno (CMCCT, CCL).

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola (CMCCT, CSC, CSIEE).

CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián (CMCCT).

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas (CMCCT, CSC, CSIEE).

CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el (CMCCT, CD, CCL).

2) C. Sociais

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga (CMCCT, CCL).

CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital (CMCCT, CD, CCL).

CSB2.6.1. Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida (CMCCT, CCL).

CSB2.7.1. Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite (CMCCT, CAA).

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características (CMCT, CCL).

3) Matemáticas

BLOQUE 2. NÚMEROS

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99 (CMCT, CCL).

MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais (CMCT, CCL).

MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais (CMCT).

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados (CMCT).

MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados (CMCT).

MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados (CMCT,CAA).

BLOQUE 3. MEDIDA

MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual (CMCT) .

MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade (CMCT).

MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano (CMCT).

MTB3.4.2. Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora (CMCT).

MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas (CMCT, CAA).

4) Lingua Castelá e Literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación dramática (CCL).

LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas (CCL, CSIEE).

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade (CCL).

LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións (CCL, CAA).

Programación didáctica de aula de Lingua. 2.º de Educación Primaria

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas... (CCL, CD, CAA).

LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos (CCL, CAA).

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos (CCL).

LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos (CCL).

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados (CCL, CAA, CCEC).

5) Lingua galega e Literatura

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase (CCL, CSIEE, CAA).

LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas (CCL, CCEC, CSC).

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada (CCL).

LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras (CCL).

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos (CCL) .

LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas (CCL, CSC, CCEC).

LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de *para quen*, e *que* escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos (CCL, CAA).

LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas (** “m” antes de “p” e “b”)

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais (CCL, CCEC, CSC) .

LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural (CCL, CCEC).

2. METODOLOXÍA

2.1 Principios metodolóxicos xerais

Podemos definir metodoloxía como un conxunto de técnicas e estratexias organizadas e planificadas polo docente coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado.

Polo tanto, a metodoloxía será activa, dinámica, participativa e vivencial, a través da cal desenvolveranse as competencias básicas e a educación en valores de modo transversal en todas as áreas. Respectarase o ritmo de traballo de cada alumno, atendendo ás necesidades individuais de cada un deles. Doutra banda, a través da nosa metodoloxía faise necesario buscar unha relación entre os contidos das diferentes áreas, para conseguir que o alumnado teña unha visión global de todos os ensinamentos que adquire nun curso académico, respondendo así ao carácter global e integrador que debe caracterizar á educación primaria.

A base da metodoloxía que empregaremos ao longo do presente curso académico será a Teoría das Intelixencias Múltiples, proposta por Howard Gardner e cuxa visión da intelixencia rompe coas teorías tradicionais que entendían a intelixencia como un concepto unitario. Este novo enfoque amplía o abano da intelixencia humana e concibe a cada persoa como un individuo único que dispón, en maior ou menor grado, das seguintes intelixencias:

- Intelixencia lingüístico-verbal
- Intelixencia lóxico-matemática
- Intelixencia espacial
- Intelixencia musical

- Intelixencia corporal cinestésica
- Intelixencia intrapersoal
- Intelixencia interpersoal
- Intelixencia naturalista

Esta visión global da intelixencia humana que trascende a clásica conceptualización onde se daba prioridade ás habilidades lingüísticas e matemáticas determinará a forma que teremos de abordar o proceso de ensinanza-aprendizaxe na aula e impulsaranos a respectar e a intentar estimular o crecemento do alumno en todas e cada unha das súas potenciais intelixencias.

2.2. Rol do profesor

A aparición do enfoque centrado no alumno supuxo a existencia de novos roles para o profesor.

-*Evaluador*: ademais de avaliar o rendemento dos estudantes teremos que proporcionarlles un bo feedback que oriente o seu proceso de aprendizaxe.

-*Organizador*: o éxito das actividades que deseñemos depende en gran medida dunha boa organización. Dar instrucións claras e manexar o tempo adecuadamente son elementos fundamentais para lograr unha organización exitosa.

-*Participante*: moitas actividades requiren da nosa participación para garantir unha boa realización da tarefa.

-*Recurso*: deberemos estar preparados para intervir en caso de que a nosa axuda sexa necesaria, deixando sempre que sexa o estudante o que faga o esforzo previamente.

-*Motivador*: resulta fundamental ser capaces de estimular a participación do alumnado a través de diferentes técnicas motivadoras.

2.3. Tipos de agrupamentos

Existen diferentes tipos de agrupamentos que podemos empregar na aula dependendo das necesidades. Segundo Harmer podemos distinguir:

-Gran grupo.- Neste tipo de agrupamento todos os estudantes traballan ao mesmo ritmo e fan a mesma actividade.

-Traballo en parella.- Este tipo de agrupamento é moi motivante para os estudantes. É recomendable empregar con frecuencia o traballo en parellas despois de facer a presentación para o grupo clase posto que deste modo incrementáanse as oportunidades de comunicación.

-Traballo en pequenos grupos.- Este tipo de agrupamento require de moita preparación por parte do profesor. Aínda que debemos dar liberdade aos estudantes para a creación dos grupos, existen varias circunstancias que debemos ter en conta na creación dos mesmos como a proporción entre estudantes con e sen dificultades.

-Traballo individual.- É preciso dedicar algún tempo ás actividades de tipo individual posto que deste modo o alumno/a ten a oportunidade de traballar ao seu propio ritmo.

No presente curso 2020/2021, debido ás condicións sanitarias actuais, priorizarase o traballo individual e en gran grupo

2.4. A lectura como fío condutor

A lectura é unha ferramenta extraordinaria de aprendizaxe, un dos piares básicos da Educación Primaria que contribúe a afianzar as demais aprendizaxes e que resulta de especial interese no 2º curso de Educación Primaria, cando empezan a perfeccionarse habilidades como a velocidade e a comprensión lectora, que lle permitirán ao neno disfrutar de novas posibilidades que a lectura lle ofrece, aproximándose a textos máis complexos, con temáticas máis específicas... de modo que poida satisfacer a través da lectura a súa curiosidade sobre aqueles temas que lle apaixoen.

É moi importante que consigamos transmitir aos nosos alumnos o interese pola lectura, de xeito que esta afección poida acompañalos tamén ao longo da súa vida adulta.

De entre os moitos textos que se poden empregar para a lectura, o conto ocupa un lugar importante na formación literaria dos alumnos de Educación Primaria. Os contos, polo seu contido, a súa estrutura e o seu vocabulario, son un instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, pois cando o neno os escoita ou os le aprópiase do seu vocabulario e das súas estruturas lingüísticas e ponas en práctica noutras situacións.

Programación didáctica de aula de Lingua. 2.º de Educación Primaria

É moi importante a elección dos textos cos que imos traballar. Han de ser motivadores e adecuados ao nivel dos lectores. Traballaremos na identificación da estrutura dos diferentes textos, nas ideas principais e secundarias, no sentido dos distintos parágrafos e nas relacións que entre eles se establecen.

2.5 A assemblea

Cada día adicarémoslle un tempo á assemblea. Este será un espacio adicado a promover a expresión oral a través do intercambio de experiencias. Os rapaces e o mestre aprenderán escoitando, analizando outros puntos de vista e compartindo aqueles eventos ou situacións que lle chamaron a atención, que os emocionaron ou que despertaron neles novos interrogantes.

3. ESTRUTURACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

A aula é escenario fundamental das vivencias do profesor e alumno no centro e por iso unha boa organización espacial e temporal facilitará un bo resultado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Espacial: A distribución espacial das mesas farase de acordo coas directrices fixadas no protocolo establecido en función da actual situación sanitaria.

A aula posúe grandes ventás, polo que a iluminación e, sobre todo, a periódica e correcta ventilación estarán ben garantidas.

Contamos cunha Biblioteca de aula coma o pasado curso. Este recurso ten como obxectivo almacenar contos, libros de consulta, etc, que poidan resultar de interese tanto para a hora de lectura como para a realización de tarefas nas diferentes áreas. Será ademais unha biblioteca aberta, na que se irán incluíndo novos materiais que se decidan aportan e que variarán dependendo das temáticas traballadas ó longo do curso e dos centros de interese do alumando.

Temporal: A planificación temporal será flexible permitindo adecuarse aos acontecementos e incidencias que poidan xurdir e respectando as necesidades dos nenos/as e os diferentes ritmos de aprendizaxe. Con respecto ao horario, no segundo nivel de educación primaria o horario será o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9-9:50	LENGUA	INGLÉS	LENGUA	RELIXIÓN/ VALORES	MATEMÁTICAS
9:50-10:40	MATEMÁTICAS	LENGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA	RELIXIÓN/ VALORES
10:40-11:30	LINGUA	MATEMÁTICAS	LINGUA	INGLÉS	LINGUA
11:30-11:55	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
RECREO 11:55-12:20					
12:20-13:10	ED.FÍSICA	LINGUA	ED.FÍSICA	MATEMÁTICAS	MÚSICA
13:10 -14:00	C. DA NATUREZA	C. SOCIAIS	C. DA NATUREZA	C. SOCIAIS	PLÁSTICA

O curso terá unha duración de 9 meses, comprendidos entre setembro e xuño. Dividirase en tres trimestres, entre os que terán lugar as vacacións de Nadal, Semana santa e Entroido (datas significativas que se traballarán na aula, a través das distintas actividades).

Cada día adicarémoslle 25 minutos ó proxecto lector.

4. AVALIACIÓN

No referido á avaliación teremos en conta os criterios establecidos na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Debemos entender a avaliación como unha parte integral do proceso educativo, o principal obxectivo da cal será mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe proporcionando información de interés. A avaliación debe ser continua e individualizada e abarcará ademais as seguintes fases:

-*Avaliación inicial*: proporciona información relevante acerca das necesidades, intereses ou estilos de aprendizaxe do alumnado.

-*Avaliación continua*: ademais da avaliación inicial, debemos observar diariamente o progreso de cada estudante posto que isto permitiranos detectar posibles dificultades e se fose necesario facer as modificacións necesarias na unidade.

-*Avaliación final*: ao final de cada unidade levaremos a cabo unha avaliación sumativa que nos permita valorar ata que punto os obxectivos propostos se cumpriron.

A avaliación será entendida como un medio, non como un fin educativo e atenderá ás diferenzas individuais. Axustarase ás características de cada área e permitiranos identificar problemas ao longo do proceso de ensino aprendizaxe para reorientar o proceso sempre que sexa necesario, e superar así as dificultades detectadas.

A cualificación acadada polo alumnado estará baseada en tres criterios:

- 1- O 50% da cualificación será en base aos coñecementos adquiridos.
- 2- O 40% estará baseado no traballo diario da clase.
- 3- O 10% restante condicionado ao comportamento e o respecto ás normas do centro e da aula.

4.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Todas as informacións parciais sobre o proceso de aprendizaxe, transformámolas en información útil a través dos seguintes procedementos e instrumentos de información:

-**Observación sistemática** (participación nas dinámicas da aula, uso da biblioteca, traballo individual e en grupo, ...);

-**Análise das producións dos alumnos** (exposicións, textos escritos, producións orais, plásticas, ...); **intercambios orais cos alumnos/as** (diálogo, entrevista, posta en común, ...);

5. ÁREAS CURRICULARES E BLOQUES DE CONTIDO

En cada unha das áreas curriculares, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe aparecen organizados en bloques.

Lingua Galega e Literatura

«A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se dende sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da Internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactuar correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área».

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

Lingua Castelá e Literatura

«O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, por iso é polo que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.
- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

Matemáticas

«As matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analízala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe achega á formación intelectual xeneral, e a súa contribución ao desenvolvemento cognitivo. O uso das ferramentas matemáticas permite abordar unha gran variedade de situacións.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, e constitúen unha maneira de analizar diversas situacións, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc., axúdannos a enfrontarnos

a situacións abertas, sen solución única e pechada; son un conxunto de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade, para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntarnos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que levan non só utilizar cantidades e formas xeométricas, senón ademais, e sobre todo, atopar patróns, regularidades e leis matemáticas».

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

- Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- Bloque 2. Números.
- Bloque 3. Medida.
- Bloque 4. Xeometría.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

Ciencias da Natureza

«As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso medio e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través das ciencias da natureza achegámonos ao traballo científico e á súa contribución ao desenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que lles axude a desenvolver as competencias necesarias para desenvolverse nunha realidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

O desenvolvemento da ciencia e a actividade científica é unha das claves esenciais para entender a evolución da humanidade. Na actualidade, a ciencia é un instrumento indispensable para comprender o mundo que nos rodea e os seus cambios, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relacionados cos seres vivos, os recursos e o medio natural. Por todo iso, os coñecementos científicos intégranse no currículo básico da Educación Primaria e deben formar parte da educación de todos os alumnos e alumnas.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e alumnas iníciáanse no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas».

Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- a) Bloque 1. Iniciación á actividade científica.
- b) Bloque 2. O ser humano e a saúde.
- c) Bloque 3. Os seres vivos.
- d) Bloque 4. Materia e enerxía.
- e) Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

Ciencias Sociais

«Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva».

Os bloques nos que se distribúen a contidos da área son os seguintes:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O mundo que nos rodea.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. As pegadas do tempo

Valores sociais e cívicos

Segundo o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* a área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas. Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

PROGRAMACIÓN DE AULA: ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

UNIDADE 1. Vivimos nunha localidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>B1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega as novas tecnoloxías para investigar datos e ampliar a súa información relacionada coa unidade. 	<p>Páx. 6 Act. 1</p> <p>Páx. 13 Demostra o teu talento A.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>
	<p>B1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona, organiza e analiza imaxes e textos e chega a conclusións que comunica oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Mostra interese por realizar os seus traballos diarios e presentalos de forma ordenada, clara e limpa. 	<p>Páx. 5 Acts. 2 e 3</p> <p>Páx. 7 Acts. 2 e 4</p> <p>Páx. 10 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 11 Acts. 2 e 3</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CIE</p>

<p>B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</p>	<p>B1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas actividades de grupo propostas na clase e pescuda quen é o alcalde ou alcaldesa da localidade. • Participa nas actividades do barrio mostrando unha actitude de compromiso, solidariedade e colaboración. • Valora a importancia de manter unha convivencia pacífica e tolerante cos seus veciños do barrio e outros grupos que o rodean. 	<p>Páx. 6 Act. 1 Páx. 9 Act. 3 Páx. 11 Saber facer.</p>	<p>CSC CAA CIE</p>
---	---	---	---	----------------------------

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS (CONTINUACIÓN)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</p>	<p>B1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o vocabulario adquirido sobre as localidades, o concello e as normas de convivencia nos seus traballos da clase. • Explica oralmente, de forma clara e ordenada, o contido de imaxes e textos para pór de manifesto a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	<p>Páx. 5 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 4 Acts. iniciais.</p> <p>Páx. 8 Acts. 1 e 2</p>	<p>CCL CMCCT CSC</p>

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	B3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	<ul style="list-style-type: none"> Diferencia aldeas, vilas e cidades e reconece as súas características en termos de máis ou menos. Identifica os integrantes do concello e as funcións dos seus membros. 	<p>Páx. 5 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 7 Acts. 2 e 3</p>	CCL CSC
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	B3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, explica e valora os dereitos que deberían posuír todos os nenos do mundo e sinala algunhas obrigas que teñen os nenos da súa idade. 	<p>Páx. 8 Act. 2</p> <p>Páx. 9 Acts. 3 e 4</p> <p>Páx. 10 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 11 Saber facer</p>	CCL CSC
B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	B3.4.1. Aмосa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	<ul style="list-style-type: none"> Mostra interese polas actividades organizadas no seu contorno e participa activamente nelas. 	<p>Páx. 11 Saber facer.</p>	CSC

UNIDADE 2. Todos ao traballo!

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>B1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega as novas tecnoloxías para investigar datos e ampliar a súa información relacionada coa unidade. 	<p>Páx. 17 Act 5.</p> <p>Pág 18 Act. 1</p>	<p>CAA CCL CD CMCCT</p>
	<p>B1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona, organiza e analiza imaxes e textos e chega a conclusións que comunica oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Mostra progresivamente máis autonomía e responsabilidade na realización de tarefas de investigación e experimentación, desenvolve a capacidade de elección con criterio propio e valora que debe comprar en función do que quere, o que necesita e o diñeiro do que dispón. 	<p>Páx. 22 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 23 Saber facer.</p>	<p>CAA CSC CSIEE CIE</p>

B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	B1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable,	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas actividades de grupo propostas na clase. 	Páx. 24 Act. 1	CAA
B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	B1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica	<ul style="list-style-type: none"> Elabora un mapa mental como técnica para lembrar o aprendido. 	Páx. 24 Act. 1	CAA
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	B1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza o vocabulario adquirido sobre a unidade nos seus traballos da clase. Explica oralmente, de forma clara e ordenada, o contido de imaxes e textos sobre a unidade que pon de manifesto a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	Páxs. 14 Acts. iniciais. Páx. 19 Act. 4 Páx. 21 Acts. 2 e 3 Páx. 25 Demuestra o teu talento B.	CAA CSC CCL CIE

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.</p>	<p>B2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a importancia da reciclaxe para a fabricación doutros produtos e colabora na reciclaxe de lixo. 	<p>Páx. 22 Act. 3</p>	<p>CL CMCT SC IE</p>

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.</p>	<p>B3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Define e diferencia as materias primas e os produtos elaborados e asóciaos cos diferentes sectores económicos. • Identifica, compara e describe as características propias de cada sector de produción e clasifica distintas actividades segundo o grupo ao que pertencen. • Identifica as profesións que fan traballos na natureza, traballos en fábricas e obradoiros e traballos que prestan servizos. • Identifica as tarefas que realizan agricultores, gandeiros, mariñeiros, mineiros e madeiros. 	<p>Páx. 15 Acts. 1 e 2</p> <p>Páx. 17 Acts. 2, 3 e 4</p> <p>Páx. 18 Act. 1</p> <p>Páx. 19 Acts. 2, 3 e 4</p> <p>Páx. 21 Act. 2, 3, 4 e 5</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>

UNIDADE 3. Comunicámonos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>B1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega as novas tecnoloxías para investigar datos e ampliar a súa información relacionada coa unidade. • Interpreta as imaxes sobre as tecnoloxías da comunicación e asóciaas co seu uso e coas persoas ás que chegan. 	<p>Páx. 32 Act. 1.</p> <p>Páx. 31 Act. 3</p> <p>Páx. 34 Act. 3.</p> <p>Páx. 37 Demostra o teu talento A.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>
	<p>B1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona, organiza e analiza imaxes e textos e chega a conclusións que comunica oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Mostra iniciativa para realizar tarefas de forma autónoma e manéxase habilmente co correo electrónico e Internet. 	<p>Páx. 34 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 35 Saber facer.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS (CONTINUACIÓN)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	B1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	<ul style="list-style-type: none"> • Consuta textos de carácter xeográfico e social, tanto a nivel individual como grupal, para ampliar o seu coñecemento, elaborar esquemas, adquirir máis vocabulario e preparar os seus traballos e exposicións. 	<p>Páx. 26 Acts. iniciais.</p> <p>Páx. 32 Act. 1.</p> <p>Páx. 34 Act. 1 e 3.</p> <p>Páx. 37 Demuestra o teu talento.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p>
B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	B1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora un mapa mental como técnica para lembrar o aprendido. 	<p>Páx. 36 Act. 1</p>	<p>CAA</p>
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	B1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza con precisión o vocabulario adquirido sobre a unidade nos seus traballos da clase. • Explica oralmente, de forma clara e ordenada, o contido de imaxes e textos sobre a unidade que pon de manifesto a comprensión de textos orais e/ou escritos. 	<p>Páx. 27 Act. 3.</p> <p>Páx. 29 Act. 2.</p> <p>Páx. 30 Act. 1.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p>

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras máis representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	B3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folklore... propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece que son as festas populares e describe en que consisten. • Valora a música, a artesanía e a gastronomía como riqueza cultural de Galicia. 	<p>Páx. 38 Para saber máis Act. 1.</p> <p>Páx. 39 Para saber máis Act. 2.</p>	<p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCEC</p>
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	B3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia os medios de comunicación interpersoais e de masas e define diferentes formas de realizar publicidade explicando o fin que se persegue. • Reflexiona sobre o uso persoal que realiza dos aparellos tecnolóxicos e Internet e expone a vida sen eles. • Recoñece os pasos para enviar un correo electrónico e faino coa supervisión dun adulto. 	<p>Páx. 31 Acts. 1, 2, 3 e 5.</p> <p>Páx. 33 Acts. 2, 4 e 5.</p> <p>Páx. 34 Acts. 1, 2 e 3.</p> <p>Páx. 35 Saber facer.</p> <p>Páx. 37 Demostra o teu talento B.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>

<p>B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peas e como persoa usuaria de medios de transporte.</p>	<p>B3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explica que normas básicas debe seguir na rúa como peón e como viaxeiro en bicicleta. • Identifica e describe o significado dalgúns sinais de tráfico, como peón e como pasaxeiro. • Explica os distintos casos nos que se reservan asentos nos transportes públicos e valora o seu cumprimento. 	<p>Páx. 28 Act. 1. Páx. 29 Acts. 3 e 4.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
---	---	--	---	----------------------------

UNIDADE 4. A auga e o aire

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.</p>	<p>B1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega as novas tecnoloxías para investigar datos e ampliar a súa información relacionada coa unidade. 	<p>Páx. 48 Act. 3</p> <p>Páx. 51 Demostra o teu talento A.</p>	<p>CCL CD CAA CMCCT</p>
	<p>B1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona, organiza e analiza imaxes e textos e chega a conclusións que comunica oralmente e/ou por escrito nas súas actividades. • Mostra iniciativa e autonomía na observación e realización de experimentos sinxelos con auga. 	<p>Páx. 48 Acts. 1, 2 e 3</p> <p>Páx. 49 Saber facer.</p>	<p>CSIEE CAA CSC</p>
<p>B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.</p>	<p>B1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas actividades de grupo propostas na clase e elaboran conclusións. 	<p>Páx. 49 Act. 2.</p>	<p>CAA CSC</p>
<p>B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.</p>	<p>B1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora un mapa mental como técnica para lembrar o aprendido. 	<p>Páx. 50 Act. 1</p>	<p>CAA</p>

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS (CONTINUACIÓN)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
